

TFE 2024

DARÍO ENJO PÉREZ

TROMPETA



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA

RECITAL: 1 de Marzo ás 12:30 no Auditorio Andrés Gaos
EXPOSICIÓN E DEFENSA: 1 de Marzo ás 11:00 na biblioteca

Programa

I

Sete Cancións Populares Españolas

Manuel de Falla

Incantation, Thrène et Danse

Alfred Desenclos

II

Concerto en Mib

Franz Joseph Haydn

Concerto para 2 trompetas

Antonio Vivaldi

Jorge Briones, piano

Gustavo Cernadas, trompeta

Notas ao programa

Sete Cancións Populares Españolas, Manuel de Falla.

Esta composición de Manuel de Falla (1876-1946), representa varias pezas folclóricas de distintas rexións de España, que abarcan dende o “*flamenco*” ata “*jota*” . Orixinalmente está escrita para voz, e as súas letras tratan o tema do amor.

Incantation, Thrène et Danse, Alfred Desenclos.

Obra escrita polo compositor francés Alfred Desenclos (1912-1971) para trompeta e orquesta. Esta é unha peza na cal o autor busca amosar as habilidades técnicas do trompetista: potencia, rexistro, velocidade, unha ampla gama dinámica...

Consta de 3 movementos, un primeiro, *Incantation*, que busca representar un conxuro ou un rito de invocación; un segundo, *Thrène*, movemento lento que representa un canto fúnebre no que pretende aportar misticismo; e un final, *Danse*, unha danza macabra, donde vemos unha música cargada de sátira, humor dantesco e xogos rítmicos inestables que recrean os bailes e danzas de seres informes e maquiavélicos.

Concerto en Mib, Franz Joseph Haydn.

Franz Joseph Haydn (1732-1809), escribiría o seu concerto para trompeta en 1776 para o virtuoso trompetista vienés Anton Weidinger. A estrea deste concerto será o 22 de marzo do ano 1800.

Este concerto conta con un primeiro movemento *Allegro*, en forma sonata, un segundo movemento *Andante*, e finaliza con un *Allegro* en forma rondó.

Concerto para 2 trompetas, Antonio Vivaldi.

O concerto para 2 trompetas de Vivaldi (1678-1741), foi publicado en 1950, pero descoñécese o ano en que se compuxo. É un concerto escrito para a trompeta natural da época, aínda que actualmente o máis habitual é interpretalo coa trompeta piccolo. Consta de tres movementos, *Allegro- Lento- Allegro*, nos cales, os movementos exteriores mostran o virtuosismo do instrumento, que contrastan co segundo, no cal as trompetas non tocan.

Darío Enjo Pérez

Nace en O Pino no ano 1996. A idade de 4 anos comeza os primeiros estudos de música na escola da Banda de Música de Arca, e un ano despois comezará cos estudos de percusión nesta mesma escola. Aos 14 anos decidirá cambiar de instrumento, polo que comezará os estudos de trompeta tamén nesta mesma escola, aínda que pronto os trasladará ao Conservatorio Profesional de Música de Santiago, donde comeza recibindo clases de Fernando Rei, e rematará estes estudos co mestre José Rodríguez Ramos. Nesta etapa colabora varias veces coa Banda de Música Municipal de Santiago.

No ano 2019 continuará cos estudos de música, entando no Conservatorio Superior de Música da Coruña, donde recibirá clases de Gonzalo Sánchez García e colaborará con agrupacións como a Unidade de Música da Forza Loxística Operativa de A Coruña. Ao mesmo tempo amplía a súa formación en cursos e clases con trompetistas como John Aigi, Esteban Batallán, Omar Tomasoni, Miroslav Petkov, Yael Fiúza, Marcos García, Alberto Frugoni, Manuel Blanco, Roberto Bodí entre outros.

Durante estes anos colabora con numerosas agrupacións do panorama musical bandístico galego, entre as que destacan a Banda de Música de Arca e a Banda de Música Municipal de Silleda, das cales é membro actualmente. Tamén colabora con outros tipos de agrupacións como Brass Bands, charangas, orquestas, quintetos etc...

Agradecementos

En primeiro lugar a miña nai Teresa e a Nerea, por apoiarme sempre neste longo camiño. A todos os meus mestres destes anos, en especial a Gonzalo e a José Rodríguez.

Gracias tamén á Banda de Música de Arca, por formar ao músico que son a día de hoxe, e á Banda de Música Municipal de Silleda, por acollerme como parte da súa familia nestes últimos anos. A todos os compañeiros e amigos que me acompañastes durante estes anos, tanto no conservatorio, como fóra del.